

A FUME DE CAROZO

(12 diapositivas en 6 minutos)

Con este título vaise organizar unha sesión de comunicacións breves no programa das **VII Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia**, a celebrar os días 18/19 de novembro no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela.

Búscase dar difusión a actividades innovadoras no contexto da biblioteca escolar.

- A *fume de carozo* terá lugar o sábado 19, de 11,45h a 13,00h. na aula 25 (aforo: 140 persoas).
- Poderán participar un máximo de 10 centros .
- Cada centro presentará unha (1) actividade da biblioteca potente, que considere oportuno dar a coñecer ao colectivo de participantes.
- Esta actividade poderá acollerse a algún destes ámbitos:
 - Promoción da lectura
 - Traballo coa información ou cos medios de comunicación
 - Implicación das familias na construción dos lectores e das lectoras
 - Atención á diversidade (*biblioteca inclusiva*)
 - A biblioteca como factor de compensación de desigualdades
 - A biblioteca como espazo de construción da cidadanía
- Cada comunicación terá un máximo de 6 minutos e presentarse co apoio de 12 diapositivas.
- A comunicación non dá dereito a certificación.

Para poder participar cómpre presentar unha proposta co seguinte formato:

- Código e Centro.
- Nome e Apelidos.
- Correo electrónico.
- Teléfono móbil e/ou fixo persoal.
- Ámbito (promoción da lectura, etc.) .
- Blogue ou páxina web da biblioteca na que se lle deu difusión, no seu caso.
- Resume da actividade que se quere presentar (máximo 10 liñas) en PDF.
- 2 imaxes en formato JPG ilustrativas da presentación.
- Opcionalmente tamén poderá enviarse un vídeo de 1 minuto (máximo) explicando a actividade que se desexa difundir.

As propostas subiranse nun arquivo PDF + 2 arquivos JPG ao espazo web <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/903> antes do 25 de outubro. As propostas seleccionadas comunicaranse a todas as persoas solicitantes antes do 4 de novembro.